


## REAL MADRID 2 – BARÇA 1

**P**ero, ¿quien es? ¿quien es ti para creerte capaz de mandar sobre a miña vida? ¿unha parte do meu pasado? ¿un recordo? ¿qué cres que pintas agora na miña vida facéndome gastar a miña intelixencia, xa un pouco gastada de máis?



**C**onteillo o psicólogo. El non me entendía. ¿Para que merda ten colgado no seu cuarto escuro e limpo aquel título senón entende nada?

**E**u son normal, nunca fixen dano a ninguén, ¿acaso é que non podo pensar o que queira, planear a morte de quen se me ocorra? Senón o mato non é delicto, así que dilles a todos que me deixen en paz, que se vaian, que me esquezan, dille que non son nada para min. Eu xa fago bastante con estar na liteira dun cuarto que non me pertence, un cuarto de poucos metros cadrados e cheo de merda e por non facer nada. ¡Que se vaian! ¡Que me deixen!

**V**olven a miña mente eses recordos, ¿que merda pasa? O psicólogo estame a volver tolo, eu non fixen nada, ¿que me quere facer crer?

*Ti, ti es o culpable, ti mereces a morte, ti, rapaz, non me perdas de vista en tódolos anos que che caian. Estarei aquí atordándote, facéndote sentir culpable, desfacendo ese silencio que anhelas na túa mente.*

**A** miúdo vexo sangue, non sei, imaxes raras, vexo un coitelo tirado, a miña man chea de sangue, todo escuro, non vexo nada máis. Non entendo nada.

**O** psicólogo asinte coa cabeza, dáme a razón, non sei a qué, pero dáme a razón. Esto debe ser todo parte dun plan, un absurdo plan que eu non logro entender. Estas imaxes están ocupando a miña mente dende fai dous meses, dende que estou aquí, dende que esa inútil voz atorde o meu silencio. Conteille o psicólogo o da voz, non me cre, di que son falcatruadas miñas, que son soños ou pesadelos. ¿Pesadelos? ¿será todo isto un pesadelo? Oxalá puidera espertar, inda que non son capaz.

*¿Pesadelo? Xa che gustaría a ti que fora unha pesadelo, estarei aquí contigo facéndote sentir culpable ata que desexes a morte que a min me deches, por unha simple discusión, un partido de merda.*

Agora a voz fálame dun partido, non sei a que se refire, eu admiro o fútbol, vibro con cada partido; pero non recuerdo ningún partido especial, non sei que ten que ver iso coa sangue que aparece en forma de imaxe na miña mente. Tamén esa voz absurda faloume de que non me deixará en paz ata que desexe a morte que eu lle din. Ti que es psicólogo, ¿que está pasando? ¿a quen matei eu? ¿por que estou aquí? O psicólogo fai un aceno de inda non saber que ocorre.

Pero a voz persiste na miña mente e non me abandona, nin sequera me escoita, tan só fala.

*Un 2-1 no marcador fíxote calar, puxeches cara de non saber nada, de non querer escoitar o "bacile" que che pertencía, e logo marchaches a non sei onde, pero volviches, volviches e fixeches algo do que inda non oín o teu arrepentimento. E por iso estou aquí, farei que te arrepintas, que desexas a túa morte, farei que o teu pasado viva o resto da túa vida prohibíndote ser feliz.*

O psicólogo díxome que no xuízo diremos que estou tolo, non o sei, esa é unha palabra moi forte, eu non estou tolo, só que non recuerdo, non recuerdo o que pasou, non recuerdo porque haberá un xuízo. Pero el é psicólogo, el saberá o que fai, alá el, eu non vou poder facer nada, eu só quero que toda este pesadelo termine, que se vaia a maldita voz esa e que me deixe vivir en paz.

*¿irme? Agora que estou conseguindo o que desexo. ¿a paz? ¿verdade que che gusta o seu aroma? Pois confórmate có seu aroma porque nunca conseguirás a paz que desexas, tan só a morte pode darcha. ¿desexas a morte? Di que si, porque senón o dis agora, algún día acabarás dicíndoo.*

O psicólogo faloume de que me condenarán a dous anos no centro de menores, e que non me queixe, eso tamén o dixo el, que teño sorte por facelo con dezaseis, porque se fora con dezaioito estaría moito máis tempo, pero non no centro senón no cárcere.

Supoño que son culpable, non o sei, non sei o que fixen. Pregunteille o psicólogo porque teño que estar aquí dous anos máis e el tan só me contestou que algún día volverá ese recordo a miña mente e o saberei, algún día, algún día....

#### **1 de Maio 02**

Agora a punto de enfrontarse de novo o Madrid- Barça, recordamos aquel encontro no que o Madrid gañou por 2 tantos a 1. O partido rematou coa disputa entre dous mozos que acabou coa morte dun deles -o do Madrid- a mans do seu amigo culé. Agora o rapaz foi condenado a dous anos no centro de menores e di non recordar nada.